



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 20 de maio de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE VIGO NA SOCIEDADE CIDADE UNIVERSITARIA S.A. EXPTE. 993/1102.

Sométese a aprobación a proposta de data 13/05/2024, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 1999 adoptou, entre outros o acordo de "Participación do Concello na Sociedade "Cidade Universitaria, SA", promovida pola Universidade de Vigo.

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023 a Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de agosto de 2023 designou ao Concelleiro D. Abel Losada Álvarez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Trala renuncia ao cargo de concelleiro por parte de D. Abel Losada Álvarez como consecuencia da súa designación como Subdelegado de Goberno en Pontevedra procede efectuar unha nova designación de representante do Concello en dita entidade.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar a Concelleira delegada de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, Dna. María José Caride Estévez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Segundo.- Comunicar este acordo a Sociedade "Cidade Universitaria, SA" aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:16	Páxina 1 de 2
993-1102	CSV: A3AC46-EFCB54-82CDD7-DW1PAW-338A3J-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:16	Páxina 2 de 2
993-1102	CSV: A3AC46-EFCB54-82CDD7-DW1PAW-338A3J-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		